

981 563 885

A LIÑA DO GALEGO

linhadogalego@amesa.gal

A liña 
do galego
app

Informe 2022

Índice

1. Introducción
2. Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo
 - 2.1 Queixas.
 - 2.2 Consultas
 - 2.3 Parabéns
3. Resumo anual dos rexistros da Liña do Galego
 - 3.1 Total de mensaxes recibidas
 - 3.2 Total de queixas por motivo
 - 3.3 Total de queixas segundo as entidades implicadas
 - 3.4 Desagregación das queixas na administración
 - 3.5 Desagregación de queixas ás empresas
 - 3.6 Desagregación de queixas ás entidades bancarias
4. Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas
5. Conclusións

1. Introducción

A Liña do Galego é un servizo gratuíto ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística que conta cunha axuda da Deputación da Coruña. Está dirixido a toda a poboación e, desde o ano 2007, atende consultas sobre dereitos lingüísticos, tramita queixas cara ás institucións e empresas que os vulneran, así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Moitas persoas galegofalantes continúan a considerar normal a exclusión do seu idioma e iso é algo que queremos axudar a mudar, porque cando a poboación non é consciente dos seus dereitos existe un déficit democrático que cómpre corrixir.

A idea de que hai dereitos lingüísticos en Galiza, tanto individuais como colectivos, non está asentada, canto máis nos territorios onde nin sequera teñen recoñecemento legal estes dereitos.

Coa Liña do Galego quérese afortalar o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.

Cando unha persoa chama, escribe ou envía unha queixa a través da App, ábrese un expediente na base de datos ao que se lle asigna unha numeración para lle poder facer o seguimento.

A Liña do Galego garante a completa confidencialidade das persoas que a utilicen, mais en ningún caso tramita queixas anónimas.

As queixas que tramitamos ante as institucións, entidades ou empresas pertinentes son a base de gran parte das denuncias públicas que facemos desde a Mesa. Así mesmo, as queixas recibidas serviron para a elaboración de informes e relatorios presentados ante diversos organismos, entre os que destacan o Consello de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas ou os respectivos comités de expertos do Consello de Europa para a Carta europea das linguas rexionais ou minorizadas ou o Convenio Marco das Minorías Nacionais.

As queixas presentadas neste informe son unha mínima parte das discriminacións e vulneracións dos dereitos lingüísticos que acontecen todos os días e que en moitos dos ámbitos sinalados son sistemáticas.

Esta normalidade da exclusión do galego é mostra da consideración de inferioridade do galego e das persoas que o utilizan. Convértese a nosa lingua

nun accesorio prescindíbel e obrígasenos literalmente a prescindir dela para acceder a servizos básicos.

Este informe pretende contribuír á eliminación deste prexuízo tan estendido e amparado pola propia administración (Xunta de Galiza, administración xeral do Estado e administración local).

É alarmante que quen ten a obriga de garantir o respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía encabece a lista de queixas, sendo non só cómplice destas actitudes senón promotora directa.

O galego é a lingua das galegas e galegos, temos dereitos e queremos vivir nela.

A continuación presentamos a memoria do 2022.

2 Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo

2.1 Queixas

—Unha persoa traballadora nunha administración pública negouse a me atender en galego.

—Os sinais da estrada exclúen a lingua propia de Galiza.

—Estiven máis de dúas horas ao teléfono para conseguir que a miña compañía telefónica me atendese

na miña lingua.

—A miña crianza non recibe as aulas en galego.

—Unha entidade emprega toponimia deturpada na súa documentación.

Na Liña do Galego tramítanse as queixas da cidadanía ante as entidades implicadas, con total garantía de privacidade dos datos da persoa que denuncia. Non se admiten queixas anónimas, polo que sempre pedimos que se nos faciliten os seguintes datos persoais: nome e apelidos, teléfono móbil e/ou correo electrónico e enderezo postal. Ademais, a persoa que nos traslada a queixa debe indicar a entidade que conculcou os seus dereitos lingüísticos e a localidade ou enderezo web onde ocorreron os feitos, acompañando unha explicación o máis detallada posíbel do acontecido.

2.2 Consultas

—Teño dereito a que unha persoa funcionaria da administración do Estado me atenda en galego?

—Como podo galeguizar o meu apelido?

—Podo falar galego no meu traballo?

—A que administración me teño que dirixir para pór unha queixa pola vulneración dos meus dereitos

lingüísticos?

—Existen modelos de contratos de alugueiro en galego?

Estas son algunhas das dúbidas sobre os dereitos lingüísticos que resolvemos desde A Liña do Galego.

É un servizo gratuíto aberto a toda a cidadanía, só cómpre enviar a consulta a través dalgún dos seguintes medios: enviando un correo electrónico á linhadogalego@amesa.gal, chamando por teléfono á Mesa (981 563 885) ou rexistrando a consulta na App para IOS e Android, que é de descarga gratuíta.

2.3 Parabéns

—Coñeces algún establecemento onde a atención se dea en galego?

—Algunha entidade que aposta por esta lingua na súa publicidade ou na etiquetaxe dos seus produtos?

—Unha empresa que teña a súa páxina web en galego?

Ademais de animarmos a que cada usuario ou usuaria lle envíe persoalmente os seus parabéns ás empresas, entidades e institucións que avanza e colaboran no impulso á normalización da nosa lingua, a cidadanía pode facer uso da Liña do Galego para que desde a nosa asociación lles fagamos chegar as felicitacións da Mesa polo uso do galego en representación das nosas socias e socios.

Para isto só hai que contactar coa Liña do Galego a través dos medios sinalados no apartado anterior (correo electrónico, teléfono ou App), indicando os seguintes datos: nome e apelidos, correo electrónico, teléfono e enderezo postal. Así mesmo, cómpre indicar o nome da entidade e o seu enderezo postal (rúa, número, andar, código postal e localidade) e os casos nos que esta emprega o galego (atención, publicidade, etiquetaxe, páxina web, etc.).


3. RESUMO ANUAL DOS REXISTROS DE LIÑA DO GALEGO

3.1 Total de mensaxes recibidas

Durante o ano 2022 A Mesa pola Normalización Lingüística tramitou un total de 1048 expedientes, recibidos a través de chamadas, correos e rexistros da App de Liña do Galego. Deses 1048 expedientes recibidos 43 foron tramitados como parabéns, 536 como consultas e 469 como queixas.

Os datos que presenta o informe calcúlanse co total de queixas, parabéns e consultas que, en relación cos dereitos da cidadanía galega, foron finalmente tramitadas, xa que algunhas das consultas que nos chegan non dan lugar a un expediente de queixa. Por tanto a cifra de referencia do informe que presentamos será a do total 1048 expedientes tramitados, a partir da cal se calcularon as porcentaxes do total.

3.2 Total de queixas por motivo



A deturpación dos topónimos galegos foi a queixa máis recorrente ao longo do ano 2022, case empatada coa exclusión do galego na rotulación e sinalización e as exclusións lingüísticas.


Ao igual que nos dous anos anteriores (2020 e 2021) a situación non muda, a gran maioría das queixas recibidas na Liña do Galego durante o ano 2022 están motivadas pola ausencia de uso, discriminación e deturpación do galego en todos os ámbitos da vida pública e privada.

Como aconteceu no 2020 e 2021, a maioría das queixas enviadas polas persoas usuarias da Liña do Galego durante o ano 2022 refírense por esta orde porcentual nas seguintes variables, Toponimia deturpada (22%), un 0,48% máis que no 2021. As queixas pola ausencia ou discriminación do galego nas Webs e Servizos online aumentan un 3,97% respecto ao 2021 alcanzando un 21% das queixas que recibidas.

No tocante á rotulación e sinalización e e ás discriminacións e exclusións lingüísticas a cifra alcanza o 20%, un 4,84% e 2,17% máis que no 2021.

As queixas referidas á atención oral e escrita representaron un 17% do total.

3.3 Total de queixas segundo as entidades implicadas




As Administracións e Institucións públicas (estatal, autonómicas e local) foron as que máis queixas recibiron ao longo do ano 2022 (51%), situación que se repite ano tras ano desde que se ven desenvolvendo este informe.

Aumenta o número de queixas ás empresas e entidades privadas nun 6,56 respecto aos datos do ano 2021, acadando un 33% dos expedientes tramitados. As institucións privadas acadaron un 7% do total e as Entidades bancarias e aseguradoras o 5%.

Engádesse neste 2022 a categoría Medios de comunicación xa que as queixas recibidas a este sector foron tantas que xa representan un 4% do total. Practicamente a totalidade das queixas dirixidas aos medios de comunicación foron pola deturpación dos topónimos galegos.


3.4 Desagregación das queixas á Administración



No ano 2021, a metade das queixas dirixidas á Administración recibidas na Liña do Galego recaían na Administración Autónoma Galega cun 51,25% mais no 2022 o número de queixas repártese practicamente a partes iguais entre as tres administracións.

Administración Autónoma Galega segue a ser a que máis porcentaxe de queixas mantén, cun 37%. Aumenta un 5% a porcentaxe das queixas da Administración do estado, situándose nun 33% e contéplase unha forte subidas das as queixas na Administración local acadando un 30%, 9% máis que no 2021.

3.4.1 Desagregación das queixas na Administración Xeral do Estado




Mantense como a institución da Administración do Estado que máis queixas recibe o Ministerio de Transportes, que incluso aumenta un 5% a súa porcentaxe alcanzando a cifra do 33% de queixas. A maioría do motivo das queixas a este ministerios foron relativas á deturpación da toponimia galega.

O Ministerio de asuntos económicos e transformación dixital e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións acadan un 8% das queixas. O Ministerio de Facenda obtivo un 6% das queixas, o de Xustiza un 4% e o do Interior un 4%.

No apartado “outras administracións estatais” englobanse todas as que non recibiron tantas como para ser significativas e destacábeis.

3.4.2 Desagregación das queixas na Administración Autonómica Galega




Ao igual que nos informes dos anos anteriores a Consellaría de Sanidade é a institución pública galega que máis queixas recibiu, acadando neste 2022 o 51% do total.

A Consellería de Facenda e Administración Pública presenta unha leve subida respecto ao ano anterior, situándose nun 5% das queixas recibidas. A Consellaría de Emprego tivo as queixas suficientes ao longo do 2022 para pasar a ter unha categoría propia acadando o 3% das queixas referidas á Administración Autonómica.

Na categoría outros, na que se engloban as queixas do resto de consellarías institucións autonómicas representa un 41%.


3.4.3 Desagregación das queixas na Administración Local



As queixas dirixidas á Administración Local integran aos Concellos de Galiza e ás Deputacións provinciais.

Deste xeito neste 2022 destacan o Concello de Ribeira (21%), o concello galego que máis queixas recibiu con diferenza. Seguidamente están o Concello Vigo e o Concello de Ourense cun 11% respectivamente e empatados cun 4% do total o Concello de Ferrol, o Concello de Boiro e o Concello da Coruña


3.5 Desagregación de queixas ás empresas de servizos



Igual que no ano 2021, na análise por sectores das queixas dirixidas ás empresas, englobamos a maior porcentaxe de queixas na opción “outras”, onde se aglutinan as vulneracións de dereitos lingüísticos por parte das empresas e que non chegan a representar por si soas unha porcentaxe relevante.

Deste xeito, da análise individual das queixas ás empresas, pódense destacar como relevantes as queixas recibidas a El Corte Inglés (15%), Natrurgy (13%), Google (9%), Ikea (9%), Gadis (7%) e a Asociación Española Contra o Cancro e Iberia cun 4% respectivamente.

3.6 Desagregación das queixas ás entidades bancarias



A maioría das queixas ás entidades bancarias enviadas polas persoas usuarias da Liña do Galego durante o ano 2022 diríxense a ABANCA cun 63%, considerable aumento (21%) respecto do ano anterior. No segundo posto está o Banco Santander cun 13% das queixas seguido de Caixabank cun 6% do total das queixas ás entidades bancarias.

Como acontecía nas queixas dirixidas ás empresas e entidades privadas, a maioría delas están motivadas pola falta de atención oral e escrita en galego, pola sinalización e rotulación dos establecementos e pola toponimia deturpada nas comunicacións escritas e nas páxinas web das entidades bancarias.

4. Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas

Editorial Picarona

Segundo as queixas recibidas avisando de erros graves na publicación de contos por parte da Editorial Picarona, a Liña do galego contactou coa editorial para facerlle chegar as queixas e notificarlle os erros. Trás a recepción da queixa revisaron e corrixiron estes erros.

R telefonía

Non permitían que un cliente tivese o seu buzón de voz en galego, alegaban un motivo de configuración. Despois do envío da queixa, este motivo de configuración desapareceu e o cliente puido ter o seu buzón de voz configurado en galego.

Concello de Xunqueira de Espadanedo

A páxina web deste Concello ourensán non estaba dispoñíbel en galego. Despois da queixa corrixíuse e incluíron o galego como idioma de escolla da web.

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Unha persoa usuaria da Liña do galego avisou dun sinal co topónimo deturpado *La Coruña* a saída de Oviedo na N-634 e tamén en Quintanilla de Urz. Despois da queixa enviado ao Ministerio corrixiron o sinal.

Ministerio de xustiza

A documentación necesaria para iniciar os trámites de contraer matrimonio estaba dispoñíbel só en castelán sen posibilidade de descargala en galego.

Presentouse a correspondente queixa ante o Ministerio de xustiza e habilitaron esta documentación en galego.

Más Móvil

Recibimos, na Liña do Galego, o aviso de que Más Móvil facía uso do topónimo deturpado La Coruña nas comunicacións que envía aos/ás clientes/as. Despois do envío da queixa corrixiron a toponimia deturpada.

Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Comunicóuselle á Liña do Galego que o INSS non permitía realizar trámites como a solicitude de cita previa en galego e que usaba palabras con erros como “*tarxeta xanitaria*”. Ao recibir o expediente de queixa corrixiron os erros e indicáronos que xa comezaron a habilitar en galego os trámites que aínda non se poden facer nesta lingua.

Consellaría de Sanidade

Recibimos o aviso de que no Centro de vacinación contra a COVID-19 habilitado en Pontevedra os carteis non fixos colocados polo persoal sanitario estaban única exclusivamente en castelán. A área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés respondeu a queixa indicándonos que eses carteis xa foran modificados e se deran instrucións oportunas para que esta situación non se volvese producir.

Consellaría de emprego e igualdade

Após enviarlles un expediente de queixa avisando de que os carteis dos certificados de profesionalidade figuraban unicamente en castelán, contestaron que ademais de corrixir os carteis, elaboraron un Manual de boas prácticas para o uso do galego que xa puxeron á disposición das entidades que participan nas actividades de formación para o emprego que leva a cabo a Dirección xeral de Formación e Colocación.

Decimas

Unha persoa usuaria da Liña do galego avisou de que na tenda Décimas do Centro Comercial Carrefour Ourense os carteis de rebaixas figuraban en todas as linguas menos en galego. Tras o envío da queixa desculpáronse e aseguraron que corruxirían esta situación.

Concello da Coruña

Unha placa informativa na entrada do servizo de Urbanismo do Concello deturpaba o topónimo da cidade. Após enviar o expediente de queixa correspondente o Concello aseguroulle á Valedora do Pobo que a placa sería retirada.

Galicia Travels

Esta axencia de turismo facía uso deturpado de diversos topónimos da Costa da Morte na publicidade. Tras o envío da queixa corruxiron todos os topónimos dos seus folletos publicitarios.

Concello de Ribeira

O Concello de Ribeira mantiña na súa sede electrónica o topónimo deturpado *Riveira* e mesmo múltiples castelanismos. Despois do envío o expediente de queixa aseguráronlles á Valedora do Pobo que corruxiran tanto o topónimo como os castelanismos.

Consellaría de Sanidade

A documentación para a realización dun estudo xenético non estaba dispoñible en galego. Cando a queixa foi enviada á Consellaría respostaron asumindo este erro e comprometéronse a habilitar este tipo de consentimento en galego.

Concello de Ourense

A Policía Local de Ourense elaboraba as súas notificacións única e exclusivamente en castelán. Cando foi enviada a queixa desde a liña do galego admitiron o erro e dixeron dar as indicacións oportunas para que se procedese á inmediata substitución incluíndo á lingua galega nos avisos e comunicacións.

Consellaría de Sanidade

Chegou o aviso á Liña do Galego de que, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, as instrucións na sala de espera do servizo de radioloxía estaban unicamente en castelán. Despois do envío da queixa procedeuse á súa restitución.

Concello de Vigo

O apartado para a reserva de espazos deportivos da web do Concello de Vigo non estaba dispoñible en varios idiomas e ningún deles era o galego. Tras o trámite do expediente de queixa habilitaron ao galego como idioma para a reserva.

Concello de Ribeira

Sinal indicador dos Servizos Sociais co topónimo municipal deturpado. Despois dos correspondentes trámites da Liña do Galego corrixiron este sinal e o topónimo Ribeira figura correctamente.

Concello de Monforte de Lemos

Avisaron da existencia dunha das placas do rueiro da vila co topónimo de Ferrol deturpado. Após enviar o expediente de queixa retiraron esa placa e substituírona por unha coa forma oficial e legal do topónimo.

Consellaría de educación

Recibimos unha queixa sobre a empresa que a Consellería de Educación subcontrata para a realización dos recoñecementos médicos ignora completamente o galego, mesmo se lle solicita expresamente. Despois do envío da queixa a empresa comprometeuse coa Consellaría a revisar a documentación e que este tipo de situacións non se volvan producir.

Colexio de farmacéuticos de Pontevedra

O galego estaba excluído da páxina web do Colexio de farmacéuticos de Pontevedra. Tras o envío da queixa, habilitaron o galego como idioma da web.

Consellaría de Sanidade

Os tickets co número de quenda do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo estaban exclusivamente en castelán. Despois dos trámites de queixa, corrixiron esta situación e agora están en galego.

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana

Recibimos unha queixa avisando de que na oficina de Correos de Tui a cartelería non fixa estaba só en castelán. Ao recibir a queixa desculpáronse e indicaron que xa retiraran todos os carteis

Valedora do Pobo

Segundo o informe da Valedora do Pobo o número de asuntos promovidos pola Mesa e tramitados por esta institución foi de 199. Deles, a investigación concluíu positivamente en 79 casos, sen precisar ningunha resolución, polo que compróbase que a reclamación estaba fundamentada e a actuación administrativa foi corrixida tras iniciarse a nosa actividade de supervisión.

5. Conclusións

a) Conculcación do dereito a falar en galego. As dificultades da atención oral e escrita:

«Me niego a responderle en gallego y usted está obligado a hablar castellano »

Ano a ano, desde que se publica este informe, poderíamos recoller centos de malas respostas de desaprobação e recriminación a persoas usuarias de servizos polo uso do galego no seu propio país: «esto es España y se habla castellano», «o me habla castellano o no le atiendo», «usted tiene el deber de hablar castellano». Estas respostas reflicten o nivel de desprezo cara as persoas galegofalantes, consecuencia da consideración de superioridade do castelán que sostén coaccións directas e indirectas para reforzar a renuncia ao uso do propio idioma.

A negativa sistemática a ofrecer atención en galego vulnera gravemente o dereito ao uso da lingua propia. Obrígase ás persoas usuarias a renunciar a utilizala cando se dirixen á administración ou ás empresas que prestan servizos. En ocasións, estas coaccións non se expresan directamente, senón engadindo problemas que se solucionarían inmediatamente mudando de

lingua: «le paso con alguien que pueda atender en gallego su solicitud», «ese formulario no lo tenemos disponible en gallego, pero se lo puedo ofrecer en inglés» ao tempo que colgan o teléfono, en moitas ocasións tras obrigar á persoa usuaria a prolongadas esperas. O mesmo sucede ante a inexistencia de formularios ou impresos tipo en galego. En definitiva, as persoas galegofalantes vense sometidas a maiores esforzos por falaren na súa lingua, o que non sucede no caso do español.

Ante o absentismo da Xunta de Galiza da súa obriga de velar polo dereito ao uso da lingua galega, a resposta social é a única ferramenta da que se dispón.

b) A administración pública segue a encabezar os ataques e as vulneracións lingüísticas

A administración autonómica, con funcións e competencias para garantir os dereitos lingüísticos

da cidadanía galega, non só abdica das súas responsabilidades, senón que é a primeira en incumprir as súas propias normas en relación coa lingua galega. A situación sería diferente se a Xunta de Galiza asumise un compromiso claro na

defensa do galego, non só en relación coa súa propia acción, senón tamén respecto das empresas, entidades ou administracións coas que traballa.

Así o mostra a cantidade de servizos que teñen e ofertan atención e información en español, catalán e euskera, desprezando a existencia da lingua galega.

O presente informe da Liña do Galego de 2022 mostra o incumprimento das citadas responsabilidades por parte da Xunta de Galiza, pois é a administración autonómica galega a que maior número de queixas rexistra, tal e como viña sucedendo nos anos anteriores. Os datos reflicten, así mesmo, a maior conciencia social das obrigas que esta administración ten respecto da lingua galega e as queixas máis abundantes denuncian vulneracións dos dereitos lingüísticos nas comunicacións, informacións, sinalética e atención ao público.

Porén, son numerosas as queixas relativas aos servizos públicos ofertados por empresas privadas concesionarias da administración que exclúen o uso do galego, tales como servizos bancarios, obras, de comedor, etc.

Tamén son especialmente graves as vulneracións por parte da Administración Xeral do Estado, que aumentou considerablemente o número de queixas recibidas respecto anos anteriores.

A maioría das queixas dirixidas a esta administración denuncian a deturpación da toponimia oficial galega e a exclusión do galego das páxinas web e formularios da administración. As persoas usuarias da Liña do Galego son cada vez máis conscientes de que os seus dereitos lingüísticos van máis alá das fronteiras galegas e que, por tanto, o goberno estatal tamén debe cumprir coas súas obrigas lingüísticas.

A administración Local, ao igual que a administración do Estado, tamén aumentou razoablemente o número de queixas pola exclusión do galego dos seus servizos. A cidadanía atopa dificultades para relacionarse en galego coa súa administración máis próxima.

c) Incumprimento de acordos nacionais, estatais e internacionais: 500 normas amparan o castelán e as poucas a favor do galego non se aplican

A lingua galega conta con certo amparo legal tanto na lexislación e nos acordos internacionais (a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias ou a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos) como nos nacionais: o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega, ratificados por todos os partidos con representación parlamentaria en Galiza; así como o compromiso feito público por todos os partidos con importante representación municipal no país na Declaración de Unidade a prol da Normalización Lingua galega, promovida pola Mesa e asinada o 15 de xullo de 2015, ou máis recentemente co manifesto pola pluralidade lingüística impulsado pola Mesa xunto con outras entidades de defensa das linguas do Estado español.

Porén, día a día constatamos o incumprimento do contido da lexislación e dos acordos democráticos que protexen a nosa lingua. As escasas disposicións que amparan o galego non se cumpren e vulnéranse con total impunidade, o que contrasta co cumprimento rigoroso das 500 disposicións que obrigan ao uso do español, nalgún caso mesmo contra outras linguas oficiais.

Evidentemente, a igualdade das linguas tan proclamada non é real se a posibilidade de uso destas linguas non ten iguais dereitos e iguais deberes.

A vulneración de dereitos lingüísticos é a vulneración dun dereito fundamental, aínda en maior grao se lle engadimos a coacción, e, polo tanto, degrada o desenvolvemento dunha sociedade democrática con consecuencias tamén na vida económica.

d) Romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego: denunciar, reclamar, actuar

É necesario dar a coñecer as discriminacións lingüísticas que sufrimos as persoas que lexitimamente queremos vivir en Galiza e en galego e é necesario facelo dentro e fóra das nosas fronteiras.

Tal e como sinalabamos ao comezo, os casos de vulneracións de dereitos lingüísticos recollidos en anos anteriores foron engadidos ao informe presentado pola Mesa xunto con outras organizacións do Estado que forman parte da Rede Europea para a Igualdade das Linguas ante o Consello

de Dereitos Humanos da ONU para a súa toma en consideración na revisión periódica universal no Estado español en xaneiro do 2020.

Utilizáronse tamén como exemplos da vulneración dos compromisos adquiridos polo Estado español e a Xunta nos informes da Mesa sobre o cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas presentadas en Dublín en novembro de 2018 ao director do Secretariado da Carta en decembro de 2018 e en Oviedo ao Comité de expertos do Consello de Europa.

O informe final do Comité de expertos da Carta e as resolucións do Comité de Ministros do Consello de Europa son ben coñecidos e unha mostra da importancia do traballo desenvolvido pola Mesa pola Normalización Lingüística a través da Liña do Galego.

No ámbito do ensino, padecemos unha situación que non garante a capacidade comunicativa en galego ao alumnado e fóra del foméntase o uso do galego só no ámbito privado, sen que sexa posíbel unha utilización normal, como a de calquera outra lingua no seu territorio, máis alá dese ámbito e concretamente nas relacións coa administracións e empresas privadas, en moitos casos imprescindíbeis para satisfacermos necesidades elementais.

Cómpre visibilizar a realidade e denunciar quen nos nega a posibilidade de utilizar a nosa

lingua no propio país como primeiro paso para reclamar que o dereito a utilizarmos o galego sexa plenamente respectado, dándonos sempre esa opción. Só procuramos que o galego estea tan dispoñíbel, sexa tan audíbel e tan visíbel en Galiza como é o castelán en Madrid.

Ante a ausencia de accións específicas das administracións públicas para que o galego estea presente, cómpre unha maior participación da sociedade civil na reposición e normalización da lingua galega. En primeiro lugar, esixindo dos diferentes gobernos o cumprimento dos seus compromisos coa lingua galega, actuando directamente para combater casos como os sinalados ao longo do informe. En segundo lugar, contactando por diferentes vías (redes sociais, correo electrónico ou postal, teléfono, etc.) coas empresas de servizos para que muden a súa actitude respecto da lingua galega, facendo ver que somos moitas as persoas que reclamamos visibilidade e espazos de uso para o galego.